

Documentación romance no Tombo de Toxos Outos: edición filolóxica e estudo toponímico

Paulo MARTÍNEZ LEMA
Ricardo PICHEL GOTÉRREZ
Universidade de Santiago de Compostela
Instituto da Lingua Galega

RESUMO: O presente artigo recolle a edición interpretativa e estudo toponomástico da documentación romance integrada no tomo de Toxos Outos (Lousame, A Coruña). Desde o punto de vista ecdótico-lingüístico, o interese radica nas particularidades fonográficas dos diplomas vernáculos presentes na escolma orixinal do tomo (aa. 1271-1283). Por outra banda, a análise do material toponímico achega información relativa ao carácter autónomo ou constitutivo das formas extraídas, á súa representatividade xeográfica, ao establecemento de tipoloxías referenciais implicadas e á relación signo / referente.

PALABRAS CHAVE: Lingüística histórica, ecdótica medieval, prosa instrumental galega, onomástica, toponimia.

ABSTRACT: The article at hand provides a philological edition and toponymy study of the Romance documents which form part of the *Tombo de Toxos Outos* (Lousame, A Coruña). From a linguistic and textual criticism point of view, the interest lies in the phonographic particularities of the vernacular diplomas present in the original anthology of the *Tombo* (years 1271-1283). Along other lines, the analysis of the toponymy material provides relative information on the autonomous or legal character of the forms extracted, on their geographical representativeness, on the establishing of referential typologies involved, and on the relationship of sign/referent.

KEYWORDS: Historical linguistics, Medieval textual criticism, Galician instrumental prose, onomatology, toponymy.

1. INTRODUCCIÓN

O obxecto de estudo deste traballo é a edición filolóxica e estudo toponímico da documentación romance integrada na redacción orixinal do tomo de Toxos Outos (AHN, Códices, L-1002), mosteiro situado na freguesía homónima do actual concello de Lousame (A Coruña). Baixo a advocación dos santos Xusto e Pastor, o cenobio foi fundado a comezos do s. XII polos cabaleiros Froila Afonso e Pedro Muniz e, coa protección de Alfonso VII e da influente familia dos Froiaz-Traba, iría acadando paulatinamente un dominio territorial que abrangueu toda a vertente occidental do país, e chegou mesmo á comarca do Ribeiro, ao Norte de Portugal e á comarca leonesa de

Los Oteros. A partir do s. XIV a comunidade experimentou unha progresiva decadencia reflectida na perda de numerosos dominios e na ulterior anexión (en 1475) á orde cisterciense baixo o control da abadía de Santa María de Sobrado dos Monxes¹.

2. O TOMBO DE TOXOS OUTOS. ASPECTOS GLOTOLÓXICOS E TIPOLÓXICOS

O Tombo de Toxos Outos (ed. Pérez Rodríguez 2004) foi realizado a finais do s. XIII (a. 1289) baixo o abaciato de don Sancho Eanes. O corpo orixinal do tomo chega até o folio 192r, no volto do cal comeza unha escritura diferente á do resto. Esta primeira escritura é de tipo carolino, mentres que os folios finais foron redactados nunha letra gótica cursiva que corresponde ao s. XIV². Os textos que aquí se editan corresponden á totalidade da documentación redactada en romance (ou latino-romance, *vid. infra*) presentes no proceso de escolma orixinal da confección do cartulario e pertencen ao último terzo do s. XIII: fols. 39v-40r (a. 1277), 47r (a. 1283), 67r (a. 1271), 125r (1283), 134r (a. 1276), 170v (s.d.), 186r (s.d.). Quedan fóra do noso interese, polo tanto, todos aqueles diplomas escolmados con posterioridade á data de finalización do tomo (a. 1289), a maior parte dos cales posibelmente pertencen á primeira metade do s. XIV³.

Desde o punto de vista glotolóxico, cabe salienta a configuración híbrida latino-romance do documento nº 6 da nosa escolma, un inventario de propiedades do mosteiro de Toxos Outos na igrexa de San Salvador de Taragoña. Neste texto o contraste entre os dous códigos lingüísticos advírtese de xeito moi nítido. Independentemente do maior ou menor grao de incidencia da transmisión textual neste aspecto, o latín é a lingua elixida para a redacción do documento, mais só até o momento no que os ítems inventariados precisan unha maior especialización terminolóxica e relacional. A *scripta* innovadora xorde cando a unidade territorial precisa ser matizada espacial e pecuniariamente (ls. 4-5: «*Jtem de quarta donega a quinta polos Berbegoes e XX dñeiros de renda pro frater Dominico Caualeyro*») e, a partir de aquí, a referencia aos dous últimos quiñóns pertencentes á igrexa de Taragoña é labrada integramente en romance. Neste caso a redacción adquire un progresivo carácter narrativo, debido a que se introduce o relato circunstanciado de cada unha das propiedades. En consecuencia, contrasta a operatividade da flexión verbal neste treito (*auia, deronna, era, fez, leyxoa, meteola, teuisse*) coas escasas formas latinas da primeira parte do inven-

¹ Fernández de Viana y Vieites 1989: 93-106.

² Para unha descrición codicolóxica do cartulario *vid.* Guajardo-Fajardo (1989); recapitulación en Pérez Rodríguez (2004: 9-12).

³ Este conxunto documental é obxecto de estudo en Pichel Gotérrez & Martínez Lema (2009). Estas adicións documentais, atópanse tanto nas páxinas finais (fols. 192v-196v) como en diversos espazos en branco localizados nos folios centrais do tomo (fols. 72r, 127v, 141r, 165v e 181v). A maior parte destes diplomas están redactados en romance (excepto os fols. 72r, 127v e 165v) e non posúen data, salvo un dos documentos romances (o testamento de dona Leonor González de 1334) e dous latinos (aa. 1119? e 1255).

tario (*est, habet, remanet*), onde se realiza unha exiguua descrición da partizón de terras (ámbito nominal: *aliam, ecclesia, fratre, fratribus, monasterium, quartis, quinionem, sextam*).

Desde o punto de vista tipolóxico, os sete documentos aquí editados pertencen, loxicamente, ao ámbito privado eclesiástico. Xuridicamente debemos falar de dous tipos de diplomas: dispositivos (instrumentos notariais) e non dispositivos (noticias ou minutas). Como é ben sabido, no primeiro caso (docs. 1, 2, 4 e 5) a intervención dun fedatario protocolariza e rexistra o documento que, unha vez substanciado en forma legal, adquire credibilidade oficial e valor público. Máis concretamente, trátase de dúas vendas (docs. 1 e 4), unha permuta de propiedades (doc. 2) e unha renuncia de dereito patrimonial (doc. 5). A interacción negocial en todos eles establécese entre o mosteiro e varios particulares. En segundo lugar, a documentación non-dispositiva posúe un escaso valor xurídico e diplomático debido á ausencia de elementos validatorios que lle confiran autenticidade e efecto xurídico-administrativo ao feito do que se dá conta. Trátase, polo tanto, de documentación preparatoria (*minuta*, bosquejo previo a unha ulterior expedición pública) ou probatoria (*noticia*, escrito con finalidade exclusivamente reminiscente ou testemuñal)⁴. Na nosa escolma rexistramos tres textos asimilábeis a este segundo tipo documental: por unha banda, dous recontos relativos á xestión patrimonial do mosteiro (un inventario de propiedades [doc. 6] e un deslido ou devisazón [doc. 7]); por outra, unha pesquisa probatoria inserida nunha petición formal de *inquisitio* ou pescuda, motivada, novamente, por un interese particular.

Repárese na distribución lingüística deste último texto⁵. Figuran en primeiro lugar as seguintes fórmulas latinas: a notificación (l. 1 «Nouerint universi quod...»), a subscrición (ls. 1-2 «*ego, Michael Sancij, archidiaconus de Transtamar [...] ad eternam rei memoriam*»), a disposición e exposición (ls. 2-6 «*feci inquiri terminos et diuisiones antiquas quibus cautum de Rates...*»), a presentación de investigadores e xuramento dos mesmos (ls. 6-9 «*Qui predictam fideliter inquirente et sub dato prestiti iuramento...*») e a roboración e anuncio da validación fedataria (ls. 12-14 «*predictam inquisiam ut robur firmitatis semper ualeat obtinere per notarium in publicam formam redigi...*»). Finalmente, tras o anuncio do «*inquisitionis tenor*» (l. 14) insírese o texto da pesquisa (ls. 15-35), redactada esta vez en romance: *Esta est enquisa que enquereron homees boos, conuen a saber...* (l. 15). A sinopse ou recapitulación do seu contido é expresada en dous bloques sumarios, engarzados pola fórmula dispositiva [*todos estes*] *disserun [que]* (ls. 24-24): (a) presentación das testemuñas pesquisadas (ls. 20-23) e (b) descrición enunciativa da información tirada do inquérito, neste caso as lindes que separan as herdades da ermida de Rates do terreo reguengo (ls. 24-35).

⁴ As características escriptolingüísticas no ámbito galego-portugués deste tipo documental foron obxecto de comentario en Boullón Agrelo (2005), Emiliano (2001 e 2003), Pichel Gotérrez (próx., 2007 e 2008 = Gutiérrez Pichel), Gutiérrez Pichel & Cabana Outeiro (2007), Martins (1999, 2001b, 2004 e 2007), Monteagudo (2007 e 2009), Pedro (2004), Souto Cabo (2002, 2003ab, 2004, 2008b, 2009).

⁵ Cfr. Bello (1997: 514).

Unha vez parafraseada a pesquisa, inclúense no escatocolo as confirmacións e subscricións testemuñais (ls. 43-49) e notarial (49-52), así como a referencia á *rogatio* previa e o *signum* notarial. A dita autenticación en pública forma permitirá a ulterior execución do deslinde (ls. 35-43: *por renembranza para yamays meteo y pedras enos logares ia dictos per que se departe ha herdade*).

3. CRITERIOS DE TRANSCRICIÓN

A edición interpretativa destes documentos pretende conservar ao máximo posible as características do texto orixinal, sempre que se lles puido atribuír algún tipo de pertinencia lingüística. Ao mesmo tempo leváronse a cabo algunhas intervencións regularizadoras, centradas na modernización do uso das maiúsculas e minúsculas, dos signos de puntuación e da unión e separación de palabras. Deseguido exporemos algunhas puntualizacións ao respecto⁶.

1) En canto a este último punto, a regularización efectuouse só nas formas (des)ligadas por razóns fónicas ou gráficas sen ningún tipo de relevancia lingüística («atodos» = *a todos*). Conservouse, pola contra, a situación orixinal do texto en casos coma os pronomes enclíticos ou os encontros da preposición co determinante («perlos», «sobrelo», «eno», «desta»); os casos de elisión vocálica non contemplados na actualidade como contraccións marcáronse con apóstrofo («d'Ouzonio»). Indicamos coa barra vertical en subíndice («») a separación orixinal dos elementos constitutivos de certas palabras («ya|mays», «a|rumper»). Do mesmo xeito, facemos constar co guión baixo («_») a separación de formas ligadas no orixinal por razóns de índole fónica ou gráfica e que poden ser lingüísticamente relevantes («a|riba», «nuncá_á»).

2) No tocante á acentuación, polo seu valor fonético, consideramos pertinente deixar constancia do emprego das plicas que aparecen no orixinal⁷, reservadas, cando menos, á indicación de hiato vocálico («oméés bóós»).

3) Convencións gráficas xerais.

\ / palabras ou letras escritas no interliñado (non hai ningún caso de engadidos nas marxes laterais, mais si na inferior).

() caracteres engadidos por esixencias do sentido debido ao esquecemento evidente do amanuense.

[] reconstrución segura dun determinado treito no que o soporte está deteriorado ou desaparecido.

[...] o soporte está deteriorado e a lectura non é posíbel.

[---] o soporte está desaparecido.

< > lecturas problemáticas ou dubidasas; < > correccións do propio amanuense.

⁶ Tomamos como referencia os traballos de C. de Azevedo Maia (1986: 19-33), R. Lorenzo (1988: 10-7 e 2004: 449-58), A. M. Martins (2001a: 42-52), J. A. Souto Cabo (2008a: 19-24) e Pichel Gotérrez (2009: 33-67).

⁷ Por dificultades tipográficas reproducimos o <j> con plica como «j»

{ } desenvolvementos abreviativos especiais (*vid. infra* 4.d).

4) Abreviaturas. Deixamos constancia (en cursiva) de todos os desenvolvementos, malia existiren certas secuencias cuxa expansión resulta, en principio, inequívoca⁸.

a) Signo xeral de abreviación con valor nasal. Conservamos o trazo cando marca nasalidade vocálica, na vogal inmediatamente anterior á consoante nasal etimolóxica («mãu»). Con valor de consoante implosiva, desenvolvemos a opción maioritaria nos textos (<n> ou <m>).

b) Na resolución de certas abreviaturas das que non consta a correspondente forma plena ou non é sistemática, practicamos unha consulta crítica da información escripto-lingüística fornecida polo propio cartulario ou do acervo textual do período cronolóxico que nos ofrece o *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (= TMILG).

c) En ocasións, a existencia do trazo abreviativo xeral en determinadas formas inseridas en textos romances non implica realmente abreviación, senón que reflicte a subsistencia da tradición gráfica latina (ex. «dõna» < *dom(i)na*, «ãno» < *annu*, «dme» < *homine*). Por tratarse dun grupo pechado e reducido de formas, indícanse aquí en nota⁹ sen deixar constancia no texto.

d) A expansión dalgunhas formas abreviadas resulta especialmente problemática cando existe un desfase entre o símbolo gráfico da abreviatura (de carácter latinizante/(pseudo)etimoloxizante, herdado do sistema braquigráfico latino) e a grafía da forma plena (romance). Debido ao carácter anfibalóxico deste tipo de abreviaturas («dcto», «Iohns», «md» «mon», «plz», «tla», etc.¹⁰) presentes nunha *scripta* innovadora aínda temperá, consideramos pertinente conservar o símbolo gráfico orixinal e expandir os caracteres abreviados segundo o modelo conservador («dcto» vs. «dito», «Iohannis» vs. «Eanes», «medium / medio» vs. «meo», «moneta» vs. «moeda», «pelaez / pelaiz» vs. «paez», etc.). Con todo, deixamos constancia desta circunstancia incluíndo as chaves «{ }» nas formas do texto.

4. EDICIÓN DA DOCUMENTACIÓN

1

1271, outubro, 15.

Maiores Páez, dita "Bicõa", e súa sobriña Mariña Eanes, véndenlle ao mosteiro de Toxos Outos a herdade que posúen na freguesía de Sta. Uxía de Ézaro.

⁸ Vid. Pichel Gotérrez = Gutiérrez Pichel (2008: 95, n. 30).

⁹ Formas presentes nos textos: *anos* (2.19), *mill* (2.4, 19), *oméés* (4.9).

¹⁰ Con lineta superior.

AHN, Códices, Tombo de Toxos Outos, L-1002, fol. 67r. **Apuntamentos na marxe:** un coetáneo, na marxe esquerda: “Carta de Maiore {Pelaez}, dicta Bicõa, de hereditate in filigresia Sancte Eugenie de Esar”; outro moderno, na marxe dereita: “Abad Sancho Eanes, ano 1271”. **Ed.:** Pérez Rodríguez 2004: 215, nº 185.

Carta de Maiore {Pelaez}, dicta Bicõa, de hered(i)tate in filigresia S(an)c(t)e Eugenie de Esar.²

In Dei nomine amen. Nos, Maior Pááyci, dicta Bicõa, filla que fuy de Paay³ Garauito e sobrina mina Marina Eanes, neta d’ Aluito Uergallo e fila⁴ de Maria Martiz, presente e outorgante, por nos e por toda nosa uoz⁵ de bom corazom e de boa uoontade, vendemos e firmemente outorgamos⁶ a uos, Martim Paayz, clerigo de Beua, comparante para en persoa de dom Sancho Eanes, ⁷ abade de San Iusto de Togos Outos, comparante para esse moesteyro, quanta her⁸dade nos auemos jn flígrigia de {Sancta} Ougea d’ Esar. En uoz d’ Aluito Uergallo⁹ uendemos a uos essa por *soldos* XXX d’ alfonsíis brancos dos quaes n^os confesamos¹⁰ seer pagadas.

E prometemos que sempre uola fazamos de paz per nos e per todas¹¹ nosas boas, assi des oge este dia aiades ella e fazades dela uossa uoonta¹²de, uos e quen uéer en uoz desse moesteyro. Se algun ome de nosa parte ou¹³ da estraya contra esta nosa uindizom arumper uéer ou uos quiser enbargar pey¹⁴te a esse deuandito moesteyro esta herdade dobrada, e a karta este en sa ro¹⁵uor e vala.

Feyta a karta da uindizom jn era M^a CCC^a VIII^a et quotum idus ou¹⁶tubre.¹⁷

Testemoyas: Martim Franco, clerigo de {Sancta} Ougea de Maracicos; Froya Paayz,¹⁸ clerigo de Beua; Pedro Eanes d’ Atam, Domingo Eanes de {Sancta} Ougea, morador d’ Atam; Pedro¹⁹ Balom de Calo.

Eu, Afonso Pááiz, notario publico ena Pobla d’ Intíjs, fuy presente e por rogo das partes (signo) fiz esta carta e ponj meu sinal en teste²⁰moyo de uerdade.

Notas: l. 4 Martiz] Con lineta superior: podemos interpretalo como “Martinz”, aínda que o máis probábel é que se trate dunha lineta con valor latinizante (reminiscente do patronímico latino ou, talvez, xa romance mais con raíz latina *-Martiniciz-*, frecuente nas copias) que podería remitir ao símbolo abreviativo latino (“mt”) presente no doc. orixinal.

2

1276, agosto, 23.

Afonso Pérez, escudeiro de Riatelo, xunto cos seus irmáns, e o mosteiro de Toxos Outos fan permuta de dúas herdades nas vila de Beade e Beluso.

AHN, Códices, Tombo de Toxos Outos, L-1002, fol. 134r. **Apuntamentos na marxe:** un coetáneo, na marxe esquerda: “Carta d’ Afonso Perez e de seus irmaos de herdade de Biade e de villar de Bulucóo (*sic*)”; outro moderno, na marxe dereita: “Abad Sancho Eanes, ano 1276”. **Ed.:** Pérez Rodríguez 2004: 457-8, nº 475; Salvado Martínez 1991: 224-5, nº 54.

Carta de Alfonso Petri de Riatelo escutarius et de suis ger²manis de hereditate Biade et de Beluzóo.³

In nomine domine nostri Ihesu Christi, amen. Cunuzuda cousa seia a todos que esta carta⁴ de cancanbio ia por sempre valedeira, so pea do mill *soldos* alfonsiis roborada. Asi que⁵ eu, Affonso Perez, escudeyro de Ryatelo, filo de Pedro Diaz, caualeyro, e Martim⁶ Perez e Maior Perez e seu marido Joham Martiz, presente e outorgante, e⁷ irmaos meus, filios desse

Pedro Diaz, por nos e por toda nossa uoz a uos, don |⁸ Sanchu Eanes, abbade do moesteyro de San Iusto de Togos Altos e o |⁹ conuento do {predicto} moesteyro e a toda sua uox, damos en concambio ia por senpre |¹⁰ vna quarta da una sexta da uilla de Biade cum suas dereituras per u for |¹¹ uoz dessa uilla. Et uos dades a nos por este concambio vna oytua do |¹² villar de Buluzó per u for uoz deste uillar, qual oytua uos gáastes |¹³ de Sancha Affonso. E debemos nos amparar unos outros cum nos {predictos} |¹⁴ concambios per nos e per todas nossas boas.

Eu, dom Sancho Eanes, abade, |¹⁵ e o conuento de {predicto} moesteyro rogamos ao senhor arcebispo dom Gonçaluo que ou |¹⁶ torge este concambio qui est prol do moesteyro. Si quis de nossa parte |¹⁷ contra este concambio ueer quin quer que for peyte a outra parte a pea sobre |¹⁸ dita, e o concambio sea firme ia por sempre.

Feyta a carta do concambio en |¹⁹ era de mill CC^a XIII^o anos e o quodo X dias ante kalendas sete(m)bras.

Nos |²⁰ {iam dictos} cartam manus nostram (+) roboramos. Qui presentes fuerunt: Ffernarn Paayze, clerigu de |²¹ Duyo; Fernam Gunzaluez, clerigu; Pedru Lada d' Ouzonio, Martim Perez de Sarnam, |²² Domingo Perez, dito Botello de Ceruia; Domingo Osso. |²³

Ego, Petrus Didaci, iuratus notarius in na terra de Ualeyrom, |²⁴ interfui et scripsi et confirmaui signum meum apposuj (signo).

Notas: l. 15-6 outorge] A forma comeza na l. 16 repetindo a primeira sílaba | l. 16 prol] Diante do <p> hai un pequeno trazo (semellante a un <e>) | l. 23 de] A mesma forma repetida a continuación.

3

1277, xaneiro, 8 / febreiro, 13.

Don Miguel Sánchez, arcediogo de Trastámara, manda pesquisar o deslinde das herdades da ermida de S. Martiño de Rates, pertencente ao couto do mosteiro de Toxos Outos.

AHN, Códices, Tombo de Toxos Outos, L-1002, fol. 39v-40r. **Apuntamentos na marxe:** un coetáneo, na marxe esquerda: “[---] diuisoos do couto [de Ra]tes e da hermidada [---]ones de Rrates”. Ed.: Gutiérrez Pichel 2008: 99-100, n° 3; Pérez Rodríguez 2004: 112-3, n° 62; Salvado Martínez 1991: 225, n° 55.

Carta das diuisoos de cauto de Rates et de heremitagium seu ecclesia eiusdem. |²

Nouerint uniuersi quod ego, Michael Sancí, archidiaconus de Transtamar |³ feci inquiri, ad eternam rei memoriam, terminos et diuisiones antiquas |⁴ quibus cautum de Rates et hereditates ad ipsum cautum pertinentes, quod cau |⁵ tum et hereditates ad monasterium Sancti Iusti dignoscuntur pertinere diuidun |⁶ tur ab hereditatibus heremitagí seu ecclesia Sancti Martini de Rates, quod heremi |⁷ tagium seu ecclesiam dictum monasterium per se tenet diu est per Martinum de Cas |⁸ tro archipresbiterum de Entíis et per Fernandum Moogum d’ Outes et per Martinum |⁹ Iohannis, dictum Leue, et per Johannem Petri, notarium de Noya.

Qui predictam fideliter |¹⁰ inquirentes et sub dato prestiti iuramento eandem inquisitionem mihi in presencia |¹¹ abbatis Sancti Iusti presentarunt, et abbas nomine suo et conuentus de quorum con |¹² sensu predicta inquisicio facta extitit eandem acceptauit. Et ego, predictus |¹³ archidiaconus, presente sepe dicto abbate, pred(i)c(t)am inquisitionem ut robur firmita |¹⁴ tis semper ualeat obtinere per notarium infrascriptum in publicam formam redi |¹⁵ gi feci, cuius inquisitionis tenor talis est:

Era M^a CCC^a XV^a et quotum idus |¹⁶ februarí. Esta est enquisa que enquererom homés e boos, conuen a saber: Martim |¹⁷ de Castro, arciprestes de Entíis, et Ffernarn Móogu d’ Outes

et *Martim* Anes, ¹⁸ {dicto} Leue, *per* mandado do arcebispo don Migeel Sanchez *e per* *min*, *Johan* ¹⁹ Perez, *notario* de Noya, sobrelo departamento da herdade da hermiida de San ²⁰ Martino de Rates, *per* *hu* est departida da herdade regaenga da villa ²¹ de Rates.

Domingo Eanes, *caualeyro*, *e* Domingo Paayze de *Comparade* *e* ²² Pááy Perez de Uéeru *e* *Martim* Lantano *e* esse *Martim* Leue *e* *Johan* ²³ Pááyze da Chanca *e* Pedro *Martiz*, *confesso*, *e* *Johan* Pááyze de Vara *e* ²⁴ Ffernám Domingez de Ceruia *e* Lourenzo Paayze de Vara; todos estes ²⁵ disserum *que* a herdade dessa hermiida de San Martino de Rates *que* era de ²⁶ partida da outra herdade regaenga pela cerdeyra do outeyro *que* es ²⁷ ta cabo do camino, *e* dessi como uay *e* enfia ao toro do castineiro de ²⁸ cyma *que* chamam da Senrra do Regaengo, *e* desy como uay ferir *e* enfi ²⁹ ar ao canto d' ariba *que* chamam de Sobrellos Castineyros do Agro do Pereyro, ³⁰ *e* dessi como uay ferir *e* enfiar a dereyto áá ameyxeeyra *que* esta sobre ³¹ la pereyra alua *que* esta cabo do kamiño *que* uay da uilla *para* Lanquanio *e* ³² des ende como uay ferir *e* enfiar *per* lu muro a dereyto ao kanto de ³³ fóra da quozina *contra* a carreyra, *e* desy como uay desse kanto dessa quozil ³⁴ na a dereyto enfiar aa pedra do muro uedro, *e* des ende como uay ³⁵ ferir pelo muro uedro a dereyto aa cerdeyra uedra do outro en *que* ³⁶ ante comezarum.

E esta uerdade desta enquisa disserom estes oméés bóos to ³⁷ dos cada úún en sua parte *per* iuramento dos Santos Auangeos en *que* forom ³⁸ todos aiuramentados, *que* toda esta herdade assi come estaua *conchousa* *per* ³⁹ estes terminos *conna* hermiida ia dicta *e* *connas* aruores *que* era(m) dessa her ⁴⁰ mida *e* non mays. *E* *Martim* Perez, dicto de Castro, arcepresdes d' Entijs, *per* man ⁴¹ dado de dom Migeel Sanchez, arcebispo de suso dito, en *presenza* de *Johan* ⁴² Perez, *notario* de Noya, por *renembrancha* *para* yamays meteo y pedras enos loga ⁴³ res ia {dictos} *per* *que* se *departe* ha herdade da hermiida de suso dita do regaengo ⁴⁴ de Rates.

Ffeyto este escrito *e* confirmado *per* lo ia {dicto} arcebispo *e* pelo ia {dicto} ⁴⁵ abbade, VIº idus *januarij* *in* era M CCC XV. Estes foron *presentes* ⁴⁶ no coro da ygreya de Santiago quando este escrito fuy *confirmado*: don Fern ⁴⁷ ando Affonso *e* don *Johan* *Martiz*, *juyzes* de Santhyago; don Ffernám Froy ⁴⁸ toso, *coygo* de Santiago; *Johan* *Domingez* *e* Ffernám Fernandez, *clerigos* do coro; ⁴⁹ *Johan* Lourenzo da Rua do Ciquelo, *morador*; *Saluador* *Martiz*, *monges* de ⁵⁰ San Iusto.

Eu, *Johan* Perez, *notario* do *concello* de Noya, *jurado*, *que* fuy *presente* en ⁵¹ todas estas cousas de suso ditas *e* de mandado do ja {dicto} dom Migel ⁵² Sanchez, arcebispo de Trastamar, este escrito escriui *e* meu sinal en este ⁵³ escrito puge, *que* este atal (*signo*: *Johan* Perez, *notario* de Noya).

4

1283, maio, 7.

Pedro Airas, *escudeiro* de Souto, *véndelle* ao mosteiro de Toxos Outos as súas herdades nas vilas de Piñeiro, Pedrouzos *e* Lavapés, en S. Vicente de Augas Santas *e* Sta. María de Leroño.

AHN, Códices, Tombo de Toxos Outos, L-1002, fol. 125rv. **Apuntamentos na marxe:** un coetáneo, na marxe esquerda: “Carta de Pedro Arie, escudeyro de Souto, da mea da villa de P(i)neyro *e* doutros lugares”; outro moderno, na marxe dereita: “Abad Sancho Eanes, año 1283”. **Ed.:** Pérez Rodríguez 2004: 112-3, nº 436; Salvado Martínez 1991: 226-7, nº 56.

Carta de Petro Arie, escudeyro de Souto, da mea da villa de Pineyro *e* d'ambos los vil ² lares de Pedrouzos *e* en Laua Péés *cum* todas suas dereyturas.

In Dei nomine. Cunuzuda cousa seia a *quantos* esta carta *virem* *e* *oyrem* *que* ³ eu, Pedro Aras, escudeyro de Souto, por *min* *e* por toda mña uox, de ⁴ bóo grado *e* de boa uoontade,

vendo e firmemente outorgu a |⁵ vos, dom Sancho Eanes, abbade do moesteyro de Sam Iusto de Togos |⁶ Outos, comparante por uos e polo conuento desse moesteyro e por toda |⁷ uox desse moesteyro, a media da villa de Pineyro e d' anbolos |⁸ vilares de Pedrouzos, e quanto eu ei e a auer deuo en Laua Péés, |⁹ e de mays quanto esses meus oméés de Pedrouzos lauram e usam |¹⁰ por min e que teen aiurados destas uozarias de suso ditas e doutras |¹¹ per u for uoz desta villa de Pi(n)eyro e d' anbolos uillares de Pedro |¹² uzos e de Laua Pees, en frígregia de San Vicenzo de Agoas {*Sanctas*} |¹³ e de {*Sancta*} Maria de Leeronio, cum herdade e cum casas e cum chantados |¹⁴ e cum suas dereyturas, por CC e X libras de {*denariis*} alfonsiis, {*moneta*} |¹⁵ de guerra, de quaes me confesso que sóo ben pagado.

E renuncio to |¹⁶ da exceyzom que non possa dizer que estes dineyros que me non forum cunta |¹⁷ dos e dados. E se estas cousas mays ualem dou e dooas, assi como |¹⁸ doazom pode seer mays firme e mays liure, a uos en nome desse m |¹⁹ oesteyro por mina alma. E debeo a amparar uos e ao moesteyro e vos |²⁰ sa uox cum estas cousas e cum cada vna dellas per m |²¹ jn e per todas minas |²² boas, e especialmente per quanto ey ena villa de Souto. E toda pos |²³ sissom e seniorio destas cousas e de cada una dellas de min tollo e de mi |²⁴ na uoz e en uos e eno moesteyro e na uossa uoz o meto per esta carta |²⁵ que uos logu en presente dou.

E se pela uentura des aqui adeante eu |²⁶ estas cousas de suso ditas ou alguna delas teuer ou ende algũa |²⁷ cousa receber ou en uida ou en morte foren achadas en meu poder, |²⁸ confessome min teer e receber e possoyr por uos e polo moesteyro de |²⁹ suso dito e en uossu nome. E outorgo que uos e o moesteyro pos |³⁰ sades per uossa outoridade en todo tempo cada que quiserdes per uos ou per ou |³¹ tro entrar e receber e possuir todas estas cousas de suso ditas e |³² cada vna delas assi como uerdadeyros senores e uerdadeyros |³³ possuydores; e fazede dellas toda uossa uoontade.

Se eu ou algũu outro contra esta carta e contra aquilo que en ella iaz uéer |³⁴ en iuyzo nen fora de iuizo per min nen per outro peyte a uos e ao moes |³⁵ teyro e a uossa uox esta herdade dobrada e encima CCC^{as} e XX¹ libras |³⁶ de {*predicna moneta*}; e a carta toda uia seya firme e ualla por sempre.

Fey |³⁷ ta a carta de vindizom e de doazom sub era M CCC^a XXJ^a ano e quodo VIJ |³⁸ dias andados do mes d' abrilj.

Et eu, Pedro Aras de suso dito, esta |³⁹ carta per mynas maos roboro.

Qui presentes fuerunt: Rodericus Petri, clericus Sancti Vincencií de Sespaon; Domingo Perez, {*dicto*} |⁴⁰ Botello de Ceruya; Joham Iulianze d' Ousende, Domingo Eanes, clerigo |⁴¹ de Sam Martino d' Ermedelo; Joham Betoffe, clerigo; Affonso Suarez de |⁴² Branderiz, Domingo Perez, {*dicto*} Papeyro d' Esteyro de Carino.

Eu, Pedro Diaz, iurado noteyro ena terra de Pesto, marchos e de Valey |⁴³ ron, y fuy presente e escriuj e confirmo e pono y meu sinal por teste |⁴⁴ moyo de verdade (*signo*).

5

1283, maio, 15.

Domingo Pérez Biceiro renuncia en favor do mosteiro de Toxos Outos ao dereito dunha herdade en Vilar de Costa que anteriormente posuían seu pai e avó.

AHN, Códices, Tombo de Toxos Outos, 1002B, fol. 47r. **Apuntamentos na marxe.** Un coetáneo, na marxe esquerda: “Scriptum Domini Petri, dicti Biceyro”; outro moderno, na marxe dereita: “Abad Sancho Eanes, ano 1283”. Ed.: Pérez Rodríguez 2004: 139, nº 90.

Scriptum Domini Petri, dicti Biceyro. |²

Era M^a CCC^a XXJ^a et quotum XV dias andados do mes de mayo. Conozuda |³ cousa seia a todos que eu Domingo Perez, dito Biceyro, demandey a |⁴ uos, dom Sancho Eanes, abbade de San Iusto de Togos Autos, a herda|⁵ de que fuy de meu auó e de meu padre jna villa de Villar de Costa. |⁶ Et uos mostrastes a min as cartas per que a gaanara o dito moesteyro |⁷ per seu dereyto, e por esto quitome eu della para sempre e outorgu que |⁸ nuncá_á demande.

Et se algum ome de mina parte ou de estraya ou eu |⁹ a demandarmos en algum tempo peytemos a uos e a uossa uo<z> C morauidis |¹⁰ de boa moeda, e este escrito seya sempre uallyoso en todo tempo.

Testemoyas: Ffernarn |¹¹ Mouro de Muro; Martim Aras, juyz d' Aluite; Joham Mercham de Villarino, Martim |¹² Pááy, clerigo de Beua; Fernam Gordo de Furniís.

Eu, Affonso Perez, notario jurado |¹³ dado del rey na pobra de Muro, fuy presente e por rogo das partes fiz |¹⁴ este escrito e pono meu sinal en testemoyo de uerdade (signo).

6

s.d. (2^a metade do s. XIII).

Inventario de propiedades do mosteiro de Toxos Outos na igrexa de S. Salvador de Taragoña.

AHN, Códices, Tombo de Toxos Outos, 1002B, fol. 170v. **Apuntamentos na marxe:** un coetáneo, na marxe esquerda: “Carta e nodiza de como se parte a ygrega de Taragonio”. **Ed.:** Gutiérrez Pichel 2007: 92-3 e 100: n^o 12; Pérez Rodríguez 2004: 609-10, n^o 674.

Hec est noticia de quinionibus quos habet monasterium Sancti Justi in ecclesia de T(a)ragonio. |² Primo media de una quinta de tribus quartis de Petro \Petri/ de Castro. Item de media que re|³manet sextam pro domno Alfonso Reymundi, et aliam sextam pro domno Joh(an)ne Rey|⁴mundi. Item de quarta donega a quinta polos Ber<u>egoes e XX dineyros de renda |⁵ pro fratre Dominico Caualeyro \et pro fratribus suis/ et quinionem dos Caualeyros, et quinione de Petro Er|⁶et ex una parte e de Fernando Sardina cum sua auolencia a terza de San Iohanne |⁷ de Mazaeda; e meteola en mão Joham Perez, quando era archipreste, a uossu frade |⁸ Paay de Taliar, e o quinon de Pedro Feo quanto el auia d' auó e de gaanza per |⁹ manda que fez cum dom Joham Todinz per frades e per oméés boos; e deromna de sua |¹⁰ mao a Garcia Feo que a teuisse, e leyxoa ao moesteyro per manda que fez es|¹¹crita.

Notas: l. 4 Ber<u>egoes] A forma foi escrita con mais o amanuense riscou o hastil superior.

7

s.d. (2^a metade do s. XIII).

Devisazón do couto do Espiñeirido.

AHN, Códices, Tombo de Toxos Outos, 1002B, fol. 186r. **Ed.:** Pérez Rodríguez 2004: 671, n^o 754.

Diuisioes cauti de Espiñeyrido. |²

Diuisões do couto de Espinaridu. Primeyramente pelo forcado de Tey|³ra e pela furtigada de su esse monte de Teyra e per esse rio de Villa |⁴ de Jusá e pela Fonte da Caal et per esse marchu que se ena enfesta |⁵ de contra a ygregia.

5. INVENTARIO E ESTUDO TOPONÍMICO

5.1. Observacións preliminares

Presentamos a continuación a totalidade dos topónimos (un total de 60) presentes nos 7 documentos editados. A estrutura do índice é a seguinte:

A) Cada entrada vai encabezada por un lema (en negrita) no que procuramos reducir ao máximo a heteroxeneidade gráfica característica das distintas formas toponímicas. Séguelle a continuación, entre parénteses, a indicación da tipoloxía referencial do topónimo (poboación, casal, territorio...): p. ex., **Agar** (pob.).

B) No segundo bloque da entrada preséntase (en letras maiúsculas) o referente xeográfico actual do topónimo, seguido do contexto xeográfico-administrativo do mesmo (entre parénteses): p. ex., AGAR (freg. Beba, conc. Mazaricos, com. Xallas, prov. C).

C) No terceiro e derradeiro bloque ofrécense as distintas formas mediante as que se actualiza ese topónimo nos textos, acompañadas sempre do seu número de ocorrencias nos mesmos e dun contexto previo e posterior que axude a recoñecer o topónimo. Indícase tamén (entre parénteses e separados por unha barra oblicua) o número de documento e o número de liña nos que se encontra esa forma en concreto: p. ex. **Agar** (1): *Item en Agar ho erdamento que teuerom os Bofños* (3/25).

Así mesmo, o repertorio de símbolos e abreviaturas empregado é o seguinte:

? referente descoñecido	freg. <i>freguesía</i>
† referente extinguido	igr. <i>igrexas</i>
~ referente dividido	lug. <i>lugar</i>
agr. <i>agro</i>	most. <i>mosteiro</i>
arc. <i>arciprestado</i>	O <i>Ourense</i>
C <i>A Coruña</i>	P <i>Pontevedra</i>
cas. <i>casal</i>	pob. <i>poboación</i>
com. <i>comarca</i>	prov. <i>provincia</i>
conc. <i>concello</i>	r. <i>rúa</i>
cou. <i>couto</i>	terr. <i>territorio</i>
dio. <i>diocese</i>	

5.2. Inventario toponímico

Agro do Pereyro (agr.) = ? (lug. Rates, freg. San Cosme de Outeiro, conc. Outes, com. Noia, prov. C | arc. Outes, dio. SC). *o Agro do Pereyro* (1): *que chamam de Sobrellos Castineyros do Agro do Pereyro* (3/29).

OBS: Pérez Rodríguez non o recolle no seu índice toponímico.

Alvite (pob.) = ALVITE (conc. Negreira, com. Barcala, prov. C | arc. Barcala, dio. SC). *Alvite* (1): *Martim Aras, juyz d'Alvite* (5/11).

OBS: Pérez Rodríguez ofrece para esta forma a lectura *Abrito* (*sic*).

Atan (pob.) = ATÁN (freg. Mazaricos, conc. Mazaricos, com. Xallas, prov. C | arc. Céltigos, dio. SC). **Atam** (1): *Pedro Eanes d'Atam* (1/18).

Beluzoo (pob.) = BELUSO (freg. Bealo, conc. Boiro, com. Barbanza, prov. C | arc. Ponte Beluso, dio. SC). **Beluzoo** (1): *de hereditate Biade et de Beluzoo* (2/2) | **Bulucoo** (1): *e de villar de Bulucoo* (2/M) | **Buluzoo** (1): *vna oytava do villar de Buluzoo* (2/12).

Beva (pob.) = BEBA (conc. Mazaricos, com. Xallas, prov. C | arc. Entíns, dio. SC). **Beua** (3): *Martim Paayz, clerigo de Beua* (1/6) | *Froya Paayz, clerigo de Beua* (1/18) | *Martim Paayz, clerigo de Beua* (5/12).

Biade (pob.) = BEADE (freg. Augasantas, conc. Rois, com. Sar, prov. C | arc. Amaía, dio. SC). **Biade** (3): *de herdade de Biade* (2/M) | *de hereditate Biade et de Beluzoo* (2/2) | *una sexta da uilla de Biade cum suas dereituras* (2/10).

Branderiz (pob.) = BRANDARÍS? (freg. Bardaos, conc. Tordoia, com. Ordes, prov. C | arc. Berreo de Abaixo, dio. SC). **Branderiz** (1): *Affonso Suarez de Branderiz* (4/41).

OBS: Salvado Martínez dá a lectura *Brandariz*. Pérez Rodríguez non o recolle no índice toponímico.

Calo (pob.) = CALO (conc. Vimianzo, com. Soneira, prov. C | arc. Soneira, dio. SC). **Calo** (1): *Pedro Balom de Calo* (1/19).

OBS: Pérez Rodríguez non recolle esta forma no seu índice toponímico. Si rexistra en cambio o homónimo que dá nome a un lugar da parroquia de Nebra (Porto do Son) e que aparece no tomo baixo as formas *Calo, Callo*.

Carino (pob.) = CARIÑO (freg. Castro, conc. Boiro, com. Barbanza, prov. C | arc. Ponte Beluso, dio. SC). **Carino** (1): *Domingo Perez, dicto Papeyro d'Esteyro de Carino* (4/41).

Castro (pob.) = CASTRO? (conc. Boiro, com. Barbanza, prov. C | arc. Ponte Beluso, dio. SC). **Castro** (4): *Martinum de Castro archipresbiterum de Entijs* (3/7-8) | *Martim de Castro, arciprestes de Entijs* (3/17) | *Martim Perez, dicto de Castro, arciprestes d'Entijs* (3/40) | *de Petro Petri de Castro* (6/2).

Cervia (pob.) = SERVIA (freg. Vilacova, conc. Lousame, com. Noia, prov. C | arc. Posmarcos de Arriba, dio. SC). **Ceruiá** (3): *Domingo Perez, dito Botello de Ceruiá* (2/22) | *Ffernam Dominguez de Ceruiá* (3/24). **Ceruya** (1): *Domingo Perez, dicto Botello de Ceruya* (4/39).

Chanca (pob.) = A CHANCA? (freg. Meaño, conc. Meaño, com. O Salnés, prov. P | arc. O Salnés, dio. SC). **a Chanca** (1): *Joham Paayze da Chanca* (3/22-23).

OBS: Pérez Rodríguez non o recolle no seu índice toponímico.

Comparade (pob.) = COMPARADA (freg. Vilacova, conc. Lousame, com. Noia, prov. C | arc. Posmarcos de Arriba, dio. SC). **Comparade** (1): *Domingo Paayze de Comparade* (3/21).

Duyo (pob.) = DUIO (conc. Fisterra, com. Fisterra, prov. C | arc. Duido, dio. SC). **Duyo** (1): *Ffernam Paayze, clerigu de Duyo* (2/21).

Entiis (arcip.) = ENTÍNS (conc. Mazaricos~Muros~Outes, com. Xallas~Muros~Noia, prov. C | dio. SC). **Entijs** (2): *Martinum de Castro archipresbiterum de Entijs* (3/8) | *Martim de Castro, arciprestes de Entijs* (3/17).

OBS: Salvado Martínez le a segunda forma como *Entiino*, quizais mera errata tipográfica. Historicamente, o arciprestado de Entíns é aínda hoxe un dos que constitúe a arquidiocese de Santiago de Compostela, abranguendo a totalidade das parroquias dos concellos de Carnota, Muros e Outes, así como varias dos de Mazaricos e Negreira.

Espineyrido (cou.) = O ESPÍNEIRIDO (freg. Corrubedo, conc. Ribeira, com. Barbanza, prov. C | arc. Posmarcos de Abaixo, dio. SC). **Espinariidu** (1): *Diuisões do couro de Espinariidu* (7/2). **Espineyrido** (1): *Diuisioes cauti de Espineyrido* (7/1).

Esteyro (pob.) = ESTEIRO (freg. Castro, conc. Boiro, com. Barbanza, prov. C | arc. Ponte Beluso, dio. SC). **Esteyro** (1): *Domingo Perez, dicto Papeyro d'Esteyro de Carino* (4/41).

Fonte da Caal (fon.) = ? (lug. O Espiñeirido, freg. Corrubedo, conc. Ribeira, com. Barbanza, prov. C | arc. Posmarcos de Abaixo, dio. SC). **la Fonte da Caal** (1): *e pela Fonte da Caal et per esse marchu* (7/4).

OBS: Pérez Rodríguez non o recolle no seu índice toponímico.

Furniis (pob.) = FORNÍS (freg. Coiro, conc. Mazaricos, com. Xallas, prov. C | arc. Entíns, dio. SC). **Furnijs** (1): *Fernam Gordo de Furnijs* (5/12).

OBS: Salvado Martínez ofrece para esta forma a lectura *Fiqmiel* (*sic*). Pérez Rodríguez dáa como ilexibel.

Lancanio (pob.) = LANCAÑO (lug. Rates, freg. San Cosme de Outeiro, conc. Outes, com. Noia, prov. C | arc. Outes, dio. SC). **Lanquanio** (1): *do kamiño que uay da uilla para Lanquanio* (3/31).

OBS: Pérez Rodríguez ofrece a lectura *Lanquaino*, que en todo caso non dificulta a identificación do topónimo. Non o recolle no índice toponímico.

Lantano (pob.) = LANTAÑO (conc. Portas, com. Caldas, prov. P | arc. Moraña-Caldas, dio. SC). **Lantano** (1): *Martim Lantano* (3/22).

Lava Pees (pob.) = ? (freg. Leroño, conc. Rois, com. Sar, prov. C | arc. Amaía, dio. SC). **Laua Pees** (3): *villares de Pedrouzos e en Laua Pees* (4/2) | *quanto eu ei e a auer deuo en Laua Pees* (4/8) | *uillares de Pedrouzos e de Laua Pees* (4/12).

Muro (pob.) = MUROS (conc. Muros, com. Muros, prov. C | arc. Entíns, dio. SC). **Muro** (2): *Ffernham Mouro de Muro* (5/11) | *Affonso Perez, notario jurado dado del rey na pobra de Muro* (5/13).

Noya (pob.) = NOIA (conc. Noia, com. Noia, prov. C | arc. Posmarcos de Arriba, dio. SC). **Noya** (5): *Johannem Petri, notarium de Noya* (3/9) | *Johan Perez, notario de Noya* (3/19) | *Johan Perez, notario de Noya* (3/42) | *Joham Perez, notario do concello de Noya, jurado* (3/50) | *Johan Perez, notario de Noya* (3/53).

Ousende (pob.) = OUSESENDE (freg. Outes, conc. Outes, com. Noia, prov. C | arc. Entíns, dio. SC). **Ousende** (1): *Joham Iulianze d'Ousende* (4/39).

OBS: Pérez Rodríguez non o recolle no índice toponímico.

- Outes** (pob.) = OUTES (conc. Outes, com. Noia, prov. C | arc. Entins, dio. SC). **Outes** (2): *Fernandum Moogum d'Outes* (3/8) | *Ffernam Moogu d'Outes* (3/17).
- Ouzonio** (pob.) = OUSOÑO (freg. Barro, conc. Noia, com. Noia, prov. C | arc. Posmarcos de Arriba, dio. SC). **Ouzonio** (1): *Pedru Lada d'Ouzonio* (2/21).
- Pedrouzos** (pob.) = PEDROUZOS (freg. Augasantas, conc. Rois, com. Sar, prov. C | arc. Amaía, dio. SC). **Pedrouzos** (4): *danbos los villares de Pedrouzos* (4/2) | *da villa de Pineyro e d'anolos vilares de Pedrouzos* (4/8) | *esses meus omees de Pedrouzos* (4/9) | *d'anolos uillares de Pedrouzos e de Laua Pees* (4/11-12).
- Pestomarcos** (terr.) = POSMARCOS (conc. A Pobra do Caramiñal~Boiro~Porto do Son~Rianxo~Ribeira, com. Barbanza~Noia, prov. C | arc. Ponte Beluso~Posmarcos de Abaixo~Posmarcos de Abaixo, dio. SC). **Pestomarchos** (1): *Pedro Diaz, iurado noteyro ena terra de Pestomarchos e de Valeyron* (4/41).
- OBS: O antigo territorio de *Pos(t)marcos*, cuxa estensión se correspondía aproximadamente coa do arciprestado do mesmo nome, divídese hoxe entre as comarcas da Barbanza e Noia, e a nivel eclesiástico entre os arciprestados de Posmarcos de Arriba, Posmarcos de Abaixo e Ponte Beluso.
- Pineyro** (pob.) = O PIÑEIRO (freg. Buxán, conc. Rois, com. Sar, prov. C | arc. Amaía, dio. SC). **Pineyro** (4): *da mea da villa de Pineyro* (4/M) | *da mea da villa de Pineyro* (4/1) | *a media da villa de Pineyro* (4/7) | *desta villa de Pineyro e d'anolos uillares* (4/11).
- Pobla d'Intiis** (pob.) = ENTÍNS (conc. Outes, com. Noia, prov. C | arc. Entins, dio. SC). **a Pobla d'Intiis** (1): *Afonso Paaiç, notario publico ena Pobla d'Intiis* (1/19).
- Rates**¹ (cou.) = RATES (freg. San Cosme de Outeiro, conc. Outes, com. Noia, prov. C | arc. Entins, dio. SC). **Rates** (3): *diuisoes do couto de Rates* (3/M) | *das diuisoes de cauto de Rates* (3/1) | *diuisiones antiquas quibus cautum de Rates et hereditates* (3/4). **Rrates** (1): *de Rrates* (3/M).
- Rates**² (pob.) = RATES (freg. San Cosme de Outeiro, conc. Outes, com. Noia, prov. C | arc. Entins, dio. SC). **Rates** (2): *da herdade regaenga da villa de Rates* (3/21) | *de suso dita do regaengo de Rates* (3/44).
- Riatelo** (pob.) = RIATELO (freg. Lousame, conc. Lousame, com. Noia, prov. C | arc. Posmarcos de Arriba, dio. SC). **Riatelo** (1): *Alfonso Petri de Riatelo escutarius* (2/1) | **Ryatelo** (1): *Affonso Perez, escudeyro de Ryatelo* (2/5).
- Rua do Ciquelo** (r.) = FONTE SEQUELO (freg. Santiago de Compostela, conc. Santiago de Compostela, com. Santiago, prov. C | arc. Xiro da Cidade, dio. SC). **a Rua do Ciquelo** (1): *Joham Lourenzo da Rua do Ciquelo* (3/49).
- San Johanne de Mazaeda** (pob.) = MACENDA (conc. Boiro, com. Barbanza, prov. C | arc. Ponte Beluso, dio. SC). **San Johanne de Mazaeda** (1): *cum sua auolencia a terza de San Iohanne de Mazaeda* (6/6-7).
- San Justo de Tojos Outos** (most.) = † SAN XUSTO DE TOXOS OUTOS (lug. San Xusto, freg. Toxos Outos, conc. Lousame, com. Noia, prov. C | arc. Posmarcos de Arriba, dio. SC). **Sam Iusto de Togos Outos** (1): *abbade do moesteyro de Sam Iusto de Togos Outos* (4/5-6). **Sancti Iusti** (2): *ad monasterium Sancti Iusti dignoscuntur* (3/5) | *in presencia abbatis Sancti Iusti presentarunt* (3/11). **Sancti Iusti** (1): *monasterium Sancti*

Justi in ecclesia de Taragonio (6/1). San Iusto (1): Salvador Martiz, monges de San Iusto (3/50). San Iusto de Togos Altos (1): abbade do moesteyro de San Iusto de Togos Altos (2/8). San Iusto de Togos Autos (1): dom Sancho Eanes, abbade de San Iusto de Togos Autos (5/4). San Iusto de Togos Outos (1): dom Sancho Eanes, abade de San Iusto de Togos Outos (1/7).

San Martino de Ermedelo (pob.) = ERMEDELO (conc. Rois, com. Sar, prov. C | arc. Amaía, dio. SC). *San Martino d'Ermedelo (1): Domingo Eanes, clérigo de Sam Martino d'Ermedelo (4/40).*

San Martino de Rates (erm.) = SAN MARTIÑO DE RATES (lug. Rates, freg. San Cosme de Outeiro, conc. Outes, com. Noia, prov. C | arc. Entíns, dio. SC). *Sancti Martini de Rates (1): hereditatibus heremitagij seu ecclesia Sancti Martini de Rates (3/6) | San Martino de Rates (2): herdade da hermiida de San Martino de Rates (3/19-20) | a herdade dessa hermida de San Martino de Rates (3/25).*

San Vincenzo de Agoas Sanctas (pob.) = AUGASANTAS (conc. Rois, com. Sar, prov. C | arc. Amaía, dio. SC). *San Vincenzo de Agoas Sanctas (1): en frijgregia de San Vincenzo de Agoas Sanctas (4/12).*

Sancta Eugenia de Esar (pob.) = O ÉZARO (conc. Dumbria, com. Fisterra, prov. C | arc. Duiño, dio. SC). *Sancta Ougea d'Esar (1): jn flijgrigia de Sancta Ougea d'Esar (1/8). Sancte Eugenie de Esar (2): in filigresia Sancte Eugenie de Esar (1/M) | in filigresia Sancte Eugenie de Esar (1/1).*

Sancta Maria de Leeronio (pob.) = LEROÑO (conc. Rois, com. Sar, prov. C | arc. Amaía, dio. SC). *Sancta Maria de Leeronio (1): e de Sancta Maria de Leeronio, cum herdade e cum casas (4/13).*

Sancta Ougea de Maracicos (pob.) = MAZARICOS (conc. Mazaricos, com. Xallas, prov. C | arc. Céltigos, dio. SC). *Sancta Ougea (1): Domingo Eanes de Sancta Ougea (1/18). Sancta Ougea de Maracicos (1): Martim Franco, clérigo de Sancta Ougea de Maracicos (1/17).*

Sancto Vincencio de Sespaon (pob.) = CESPÓN (conc. Boiro, com. Barbanza, prov. C | arc. Ponte Beluso, dio. SC). *Sancti Vincencij de Sespaon (1): Rodericus Petri, clericus Sancti Vincencij de Sespaon (4/38).*

Santiago¹ (pob.) = SANTIAGO DE COMPOSTELA (conc. Santiago de Compostela, com. Santiago, prov. C | arc. Xiro da Cidade, dio. SC). *Santiago (1): foron presentes no coro da ygreya de Santiago (3/46) | Santhyago (1): don Fernando Affonso e don Joham Martiz, juyzes de Santhyago (3/47).*

Santiago² (dio.) = SANTIAGO DE COMPOSTELA (dio. SC). *Santiago (1): don Ffernam Froytoso, coygo de Santiago (3/48).*

OBS: O territorio da arquidiocese de Santiago de Compostela abrangue case toda a actual provincia da Coruña e boa parte da de Pontevedra.

Sarnan (pob.) = CERNÁN (freg. Augasantas, conc. Rois, com. Sar, prov. C | arc. Amaía, dio. SC). *Sarnam (1): Martim Perez de Sarnam (2/21).*

Senra do Regaengo (agr.) = ? (lug. Rates, freg. San Cosme de Outeiro, conc. Outes, com. Noia, prov. C | arc. Outes, dio. SC). *a Senrra do Regaengo* (1): *do castineiro de cyma que chamam da Senrra do Regaengo* (3/28).

OBS: Pérez Rodríguez non o recolle no seu índice toponímico.

Sobrelos Castineyros (agr.) = ? (lug. Rates, freg. San Cosme de Outeiro, conc. Outes, com. Noia, prov. C | arc. Outes, dio. SC). *Sobrelos Castineyros* (1): *enfiar ao canto d'ariba que chamam de Sobrelos Castineyros* (3/29).

OBS: Pérez Rodríguez non o recolle no seu índice toponímico.

Souto (pob.) = SOUTO (freg. Leroño, conc. Rois, com. Sar, prov. C | arc. Amaía, dio. SC). *Souto* (4): *Pedro Arie, escudeyru de Souto* (4/M) | *Petro Arie, escudeyro de Souto* (4/1) | *eu, Pedro Aras, escudeyro de Souto* (4/3) | *per quanto ey ena villa de Souto* (4/21).

Taliar (pob.) = TÁLLARA (conc. Lousame, com. Noia, prov. C | arc. Posmarcos de Arriba, dio. SC). *Taliar* (1): *a uossu frade Paay de Taliar* (6/8).

Taragonio (pob.) = TARAGOÑA (conc. Rianxo, com. Barbanza, prov. C | arc. Ponte Beluso, dio. SC). *Taragonio* (2): *de como se parte a ygrega de Taragonio* (6/M) | *in ecclesia de Taragonio* (6/1).

Teyra (mon.) = FACHO (freg. Corrubedo-Oliveira, conc. Ribeira, com. Barbanza, prov. C | arc. Posmarcos de Abaixo, dio. SC). *Teyra* (2): *pele forcado de Teyra* (7/2-3) | *de su esse monte de Teyra* (7/3).

Trastamar (arced.) = † TRASTÁMARA (prov. C | arc. Barcala ~ Céltigos ~ Duio ~ Dubra ~ Entíns ~ Seaia ~ Soneira, dio. SC). *Transtamar* (1): *Michael Sancij, archidiaconusde Transtamar* (3/2) | *Trastamar* (1): *dom Migel Sanchez, arcidiago de Trastamar* (3/52).

Valeyron (terr.) = † VALEIRÓN (conc. Rois, com. Sar, prov. C | arc. Amaía-Iria Flavia, dio. SC). *Ualeyrom* (1): *Petrus Didaci, iuratus notarius inna terra de Ualeyrom* (2/23) | *Valeyron* (1): *Pedro Diaz, iurado noteyro ena terra de Pestomarchos e de Valeyron* (4/41-42).

OBS: A antiga comarca e arciprestado de Valeirón comprendía en liñas xerais as actuais freguesías de Augasantas, Buxán, A Costa, Herbogo, Leroño, Rois e Urdilde, todas elas pertencentes ao actual concello de Rois. A terra de Valeirón foi substituída pola xursidición de Quinta, que á súa vez serviu de base territorial para o moderno municipio de Rois. Como arciprestado, integrouse desde finais do s. XIII no arciprestado de Amaía. A denominación *Valeirón* soamente se conserva hoxe como nome dun dos ríos que atravesan o termo municipal (González Pérez 1999).

Vara (pob.) = BARA (freg. San Cosme de Outeiro, conc. Outes, com. Noia, prov. C | arc. Outes, dio. SC). *Vara* (2): *Joham Paayze de Vara* (3/23) | *Lourenzo Paayze de Vara* (3/24).

Veero (pob.) = VIRO (freg. Roo, conc. Outes, com. Noia, prov. C | arc. Ponte Beluso, dio. SC). *Ueeru* (1): *Paay Perez de Ueeru* (3/22).

OBS: Salvado Martínez dá para esta forma a lectura *Vecru*, quizais simple errata tipográfica.

Villa de Jusaa (c.fl.) = ? (freg. Corrubedo, conc. Ribeira, com. Barbanza, prov. C | arc. Posmarcos de Abaixo, dio. SC). *Villa de Jusaa* (1): *per esse rio de Villa de Jusaa* (7/3-4).

OBS: Pérez Rodríguez non o recolle no seu índice toponímico.

Villar de Costa (pob.) = VILAR DE COSTA (freg. Coiro, conc. Mazaricos, com. Xallas, prov. C | arc. Entíns, dio. SC). **Villar de Costa** (1): *jna villa de Villar de Costa* (5/5).

Villarino (pob.) = VILARIÑO DE BEBA? (freg. Beba, conc. Mazaricos, com. Xallas, prov. C | arc. Entíns, dio. SC). **Villarino** (1): *Joham Mercham de Villarino* (5/11).

5.3. Análise do corpus

5.3.1. Carácter autónomo / constitutivo das formas toponímicas


Dos 7 documentos editados nesta contribución extraemos un total de 114 formas toponímicas distintas, reducíbeis en última instancia a 60 topónimos. Unha porcentaxe considerábel desas ocorrencias (concretamente 89 formas, ou sexa un 77% do conxunto) concorren como topónimos autónomos, con finalidade puramente denotativa. Pola contra, as outras 25 formas, que supoñen o 23% restante, aparecen nos textos como constituintes de cadeas antroponímicas. A posición relativa do ítem toponímico nesas secuencias, así como a súa relación xerárquica cos demais constituintes das mesmas, responde no noso pequeno corpus a tres modelos distintos:

A) En 19 deses 25 casos (76% do total), o topónimo ocupa o terceiro lugar do sintagma antroponímico, precedido do nome persoal propiamente dito e dun apelido ben patronímico (en 13 casos), ben delexical (en 6 casos: *Balom, Lada, Moogu / Moogum, Mercham* e *Gordo*). No contexto da antroponimia galega medieval, esta estrutura trimembre [antropónimo + sobrenome (apelido delexical) + topónimo] rexistrase xa en documentos do s. X, e o seu uso vai incrementándose e consolidándose durante os séculos XI, XII e XIII (Boullón Agrelo 1999: 58), co cal resulta perfectamente lóxico o seu predominio a todas luces evidente nos nosos documentos.

B) Noutros tres casos (é dicir, nun 12% do total), a cadea antroponímica ofrece un grao aínda maior de complexidade, ao integrar simultaneamente os tres grandes tipos de apelido existentes na antroponimia medieval galega: [antropónimo + apelido patronímico + sobrenome (apelido delexical) + topónimo]. Os tres exemplos en cuestión son moi claros ao respecto: *Domingo Perez dicto Botello de Ceruya, Domingo Perez dito Botello de Ceruia* e *Domingo Perez dicto Papeyro d'Esteyro de Carino* reproducen o esquema aquí descrito. Non semella tratarse dun procedemento moi frecuente, se temos en conta a escasa atención que mereceu por parte dos investigadores, mais o certo é que aínda sen saírmos da propia documentación do tomo de Toxos Outos podemos encontrar moitos outros exemplos desa mesma estrutura. Por sinalar tan só algúns dos máis evidentes, mencionaremos os casos de *Martinus Martini dictus Treela Sancti Juliani de Bastauales* (1238), *Petrus Fernandit dictus Gorga de Cernado* (1243), (1289) ou *Petrus Martini dictus Gordus de Deeyra* (1249), entre outros.

C) Nos tres casos restantes, que supoñen outro 12%, o topónimo eríxese no único apelido da secuencia, tal como vemos en *Paay de Taliar, Martim de Castro* e, xa sen nexo preposicional de ningún tipo, *Martim Lantano*. A estrutura reflectida nos

dous primeiros exemplos obsérvase desde o s. XII e acada o seu cénit no s. XIII, mentres que a aposición directa do elemento toponímico verificada en *Martim Lantano* comeza a emerxer en textos do s. XI, e na maioría dos casos non é máis có resultado da elipse dun nexos preposicional anterior (Boullón Agrelo 1999: 59-61).




5.3.2. Representatividade xeográfica

A procedencia xeográfica do material toponímico extraído do noso corpus permítenos recoñecer un núcleo especialmente denso conformado polas terras situadas na contorna do mosteiro de San Xusto de Toxos Outos. Ese territorio, o que maior volume toponímico ofrece no conxunto do tomo, artículase modernamente en torno aos concellos de Lousame, Boiro, Noia, Outes e Rois. Como pode observarse no mapa, a cantidade de topónimos vai mingando conforme nos imos afastando desta área principal. Ademais, os concellos máis distantes dese núcleo están representados na súa maioría por topónimos integrados en secuencias antroponímicas (*vid.* § 5.3.1): constatámolo nos casos de *Lantaño* (Portas) na secuencia *Martim Lantano*, no de *A Chanca* (Meaño) en *Joham Paayze da Chanca*, no de *Fonte Sequelo* (Santiago de Compostela) en *Joham Lourenzo da Rúa do Ciquelo* e, finalmente, no de *Brandarís* (Tordoia) na cadea antroponímica *Affonso Suarez de Branderiz*.

En termos cuantitativos, o concello mellor representado nestes sete textos é sen dúbida o de Outes, que achega 12 topónimos (20% do total), seguido de preto por Rois, con 10 (16% do total). Sitúanse a continuación os municipios de Mazaricos e Boiro, con 6 topónimos cada un (10%), e o de Lousame, con 5 (pouco máis do 8%), cifra esta última moi similar á do concello de Ribeira, que achega 4 topónimos (6,5%). Con 2 ítems toponímicos (3% do conxunto) figuran Noia e Santiago de Compostela, mentres que con un único topónimo encontramos unha longa lista de conce-

llos integrada polos de Tordoia, Dumbria, Vimianzo, Fisterra, Portas, Meaño, Muros, Rianxo e Negreira, que achegan cadanseu 1,5% á porcentaxe global. A estes topónimos hai que sumar aínda outros 4 (o restante 6,5%) que aluden a antigas entidades xeográfico-administrativas de carácter supralocal (*vid.* § 5.3.2).



Se tomarmos como referencia o nivel territorial das comarcas, a tendencia apuntada polos datos precedentes non fai máis ca confirmarse, pois as comarcas de Noia (19 topónimos), Barbanza (11 topónimos) e Sar (10 topónimos) son as mellor representadas no corpus. Nunha posición intermedia está a comarca de Xallas, con 6 ítems toponímicos, mentres que as comarcas de Fisterra e Santiago achegan 2 topónimos cada unha. Por último, as bisbarras de Ordes, Soneira, Salnés, Caldas, Muros e Barcala ocupan unha posición marxinal, con 1 topónimo cada unha.

5.3.3. Tipoloxías referenciais

Na elaboración de inventarios toponímicos a partir de textos medievais, unha das tarefas máis complexas e que maior rigor esixen é o establecemento dun repertorio coherente de categorías referenciais que facilite a correcta clasificación das entidades xeográficas designadas polos topónimos. No corpus que estamos a analizar, e

malia o reducido número de documentos que o compoñen, podemos detectar unha cantidade relativamente elevada de tipoloxías referenciais distintas. Por motivos de espazo e para facilitar a comprensión dos datos, reducimos esa diversidade a seis grandes grupos:

A) Núcleos habitados: até un total de 47 topónimos (pouco máis do 78% do total) designan entidades de poboación, se ben habería que xebrar os núcleos habitados propiamente ditos (44 topónimos) daqueles outros agrupamentos poboacionais integrados dentro de núcleos urbanos máis amplos e dotados dunhas características morfolóxicas determinadas (1 topónimo, *Rua do Ciquelo*).


B) Entidades supralocais, *i.e.*, demarcacións xurídico-administrativas que abranguen varias localidades e/ou territorios. No noso corpus responden a estas características un total de cinco topónimos, o cal supón algo máis do 8% do total. Porén, baixo esta etiqueta xenérica poden efectuarse novas e necesarias subdivisións. Temos por unha banda as demarcacións relixiosas maiores (dioceses e arquidioceses), representadas na nosa documentación polo topónimo *Santiago*². Nun nivel xerárquico inmediatamente inferior están as demarcacións relixiosas menores (arciprestados e arce-diagados), categoría na que se enmarcan os topónimos *Entijs* e *Trastamar*. Por último, os topónimos *Valeyron* e *Pestomarcos* designan comarcas ou territorios definidos en virtude dunhas determinadas características xeográficas. Cómpre lembrar, en todo caso, que entre estas tres categorías (ás que habería que sumar aínda unha cuarta, a das demarcacións xurídico-administrativas de motivación civil ou política, non representadas nos nosos textos) adoitan darse fenómenos de solapamento potencialmente complexos e de grande interese para o investigador (Martínez Lema 2008a: 20-1).

C) Terras de cultivo: os nosos documentos proporcionánnos cando menos tres topónimos alusivos á explotación agrícola da terra, o que supón o 5% do conxunto do material toponímico.

D) Correntes fluviais: pertencen a este grupo unicamente dous dos nosos topónimos (un escaso 3% do conxunto), dos cales un designa unha corrente fluvial propiamente dita (*rio de Villa de Jusaa*) e o outro fai alusión a unha fonte ou manancial (*Fonte da Caal*).

E) Edificacións e institucións relixiosas: pertencen a esta categoría outros dous topónimos (3%), un deles como nome dun mosteiro (*San Justo de Tojos Outos*) e o outro como denominación dunha ermida (*San Martino de Rates*).

F) Accidentes xeográficos: soamente o topónimo *Teyra* (*vid.* § 5.3.4) engloba esta categoría, constituíndo o 1,5% restante.



5.3.4. Relación signo / referente

Se partimos da consideración do topónimo como unha estrutura bidimensional, caracterizada por unha relación biunívoca entre *signo lingüístico* (denominación ou forma toponímica) e *referente extralingüístico* (entidade xeográfico-administrativa asociada á forma toponímica), podemos recoñecer até catro posibilidades teóricas na relación establecida entre eses dous polos a nivel diacrónico (Martínez Lema 2008b: 71-2). Pois ben, todas esas opcións vense representadas nos nosos textos a través de exemplos especialmente ilustrativos:

A) Na inmensa maioría do noso corpus (51 topónimos, ou sexa un 88% do total) obsérvase o mantemento tanto da forma toponímica como do referente extralingüístico, de xeito que podemos falar de *continuidade toponímica*


B) Soamente nun topónimo (2% do total) produciuse a desaparición tanto da forma toponímica como do referente extralingüístico. Este fenómeno, que chamamos *extinción toponímica*, constátase no topónimo *Trastamar*, antigo arcediagado da arquidiocese de Santiago de Compostela

C) Noutros tres casos (5% do total) o que se observa é a extinción do primitivo referente extralingüístico, se ben a denominación toponímica perviviu até a actualidade aplicada a unha realidade xeográfica da súa contorna. Este fenómeno de *deslocamento toponímico* define ben o ocorrido co topónimo *Valeirón*, denominación dunha comarca que foi substituída en época posmedieval pola xurisdición de Quinta, e cuxa extensión coincide practicamente coa do actual concello de Rois. Agora ben, a pesar desta evolución histórica do territorio, a forma *Valeirón* subsistiu como un dos nomes con que conta o río que atravesa ese termo municipal.

Algo similar aconteceu con *San Xusto de Toxos Outos*, nome do antigo mosteiro hoxe extinto como institución relixiosa, mais cuxo nome se perpetuou como denominación da freguesía onde radicaba ese centro monástico.

O terceiro exemplo é o do monte *Teyra*, mencionado como tal en dúas ocasións no doc. 7 e identificábel co actual monte *Facho*, entre as freguesías ribeirenses de Oliveira e Corrubedo (Martínez Lema 2007: 194). As alusións a este promontorio son relativamente abondosas no tomo de Toxos Outos, onde o encontramos mencionado noutras tres ocasións como punto de referencia para a contextualización xeográfica de determinadas herdades ou terras: *in litore maris subtus monte Teyra* (1168), *inde per sub monte de Teyra* (1201), *in territorio Pistomarchos sub monte Teyra* (1201). A diferenza con respecto aos comentados *Valeirón* e *San Xusto de Toxos Outos* é que no caso de *Teyra* non soamente se produciu o deslocamento da denominación toponímica (a forma *Teira* pervive hoxe como nome dunha aldea da parroquia de Corrubedo situada na contorna inmediata dese monte), senón tamén *substitución toponímica*, xa que o referente extralingüístico obviamente segue a existir, se ben cun nome distinto (*Facho*) e máis doadamente analizábel desde o repertorio léxico do galego moderno.

D) Finalmente, contamos con 5 topónimos (o 8% restante) para os cales non fomos capaces de establecer as súas correspondencias modernas, e que figuran por tanto como non localizados. Todos eles son microtopónimos, máis concretamente nomes de agros e terras de cultivo (*Senra do Regaengo*, *Agro do Pereyro*, *Sobrelos Castineyros*), de fontes (*Fonte da Caal*) e de correntes fluviais menores (*rio de Villa de Jusaa*). Deste xeito, só un traballo de campo exhaustivo e o cotexo da información toponímica ofrecida nos textos coa situación actual do territorio poderían permitírnos ben localizar a denominación moderna desas realidades físicas, ben afinar as coordenadas xeográfico-administrativas nas que están comprendidas.



REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BELLO, M. X. (1997): "O paso do latín ó galego na documentación medieval. Achegamento a unha sociolingüística histórica". En Fernández Salgado, B. (ed.): *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos*. Oxford: Centro de Estudos Galegos, vol. 1 (*Lingua*), 505-18.
- BOULLÓN AGRELO, A. (1999): *Antroponimia medieval galega*. Tübingen: Max Niemeyer.
- BOULLÓN AGRELO, A. I. (2005): "Consideracións sobre os primeiros textos escritos en galego na Idade Media". En A. I. Boullón Agrelo, X. L. Couceiro Pérez & F. Fernández Rei: *As tebras alumeadas: estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*. Santiago de Compostela: Universidade (Servizo de Publicacións e Intercambio), 45-68.
- EMILIANO, A. H. DE ALBURQUERQUE (2001): "Sobre a cuestión d'«Os mais antigos textos escritos em português»". En I. de Castro & I. Duarte (eds.): *Razões e Emoção: Miscelânea de Estudos oferecida a Maria Helena Mateus pela sua jubileação*. Lisboa: FLUL (www.fl.ul.pt).
- EMILIANO, A. H. DE ALBURQUERQUE (2003): "Observações sobre a «produção primitiva portuguesa» a propósito dos dois testemunhos do Testamento de Pedro Fafes de 1210". *Verba* 30, 203-36.
- GONZÁLEZ PÉREZ, C. (1999): "A Terra do Valeirón". *Papeis do Valeirón*, 10.
- GUAJARDO-FAJARDO CARMONA, M. A. (1989): "Fundación y orígenes del monasterio de Tojos Outos (s. XII)". *Historia, Instituciones, Documentos* 16, 357-74.
- GUTIÉRREZ PICHEL, R. = PICHEL GOTÉRREZ, R.
- FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, J. I. (1989): "La unión del monasterio de Toxosoutos al de Sobrado dos Monxes". *Cuadernos de Estudios Gallegos* 38/103, 93-106.
- ITGM = VARELA BARREIRO, X. (dir.) (2008): *Inventario Toponímico da Galicia Medieval*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega <<http://ilg.usc.es/itgm>> [consulta: 3-3-2009]
- LORENZO VÁZQUEZ, R. (1988): "Normas para a edición de textos medievais galegos". En D. Kremer (ed.): *Actes du XVIII^e Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*. Vol. VI. Tübingen: Max Niemeyer, 10-7.
- LORENZO VÁZQUEZ, R. (2004): "Edición de documentos medievais. Problemas que presentan algunhas abreviaturas". En R. Álvarez & A. Santamarina (ed.): *(Dis)curso da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. A Coruña: Fundación "Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa", 449-58.
- MAIA, C. DE AZEVEDO (1986): *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o s. XII ao s. XVI (Com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- MARTÍNEZ LEMA, P. (2007): "Orotoponimia da comarca da Barbanza no Tombo de Toxos Outos", En J. Evans Pim, B. Kristensen & O. Crespo (eds.): *Actas do I Congreso da Mocidade Investigadora (25-26 de outubro de 2007)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / IGESIP, 189-95.
- MARTÍNEZ LEMA, P. (2008a): *Inventario toponímico do Tombo de Toxos Outos*. Noia: Toxosoutos.
- MARTÍNEZ LEMA, P. (2008b): "Proceso de construción dun inventario toponímico medieval: o Tombo de Toxos Outos". *Estudos de Lingüística Galega* 1, 63-79.
- MARTÍNEZ LEMA, P. (2009): "Togis / Spinis / Tribulis: mecanismos de latinización de toponimia romance no Tombo de Toxos Outos". En E. Corral Díaz, L. Fontoira Surís & E. Moscoso Mato (eds.): *A min dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís*

- Couceiro*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 527-35.
- MARTINS, A. M. (1999): “Ainda «os mais antigos textos escritos em português». Documentos de 1175 a 1252”. En I. Hub Faria (org.): *Lindley Cintra. Homenagem ao Homem, ao Mestre e ao Cidadão*. Lisboa: Edições Cosmos / Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa, 491-534.
- MARTINS, A. M. (2001a): *Documentos Portugueses do Noroeste e da região de Lisboa*. Lisboa: Imprensa Nacional - Casa da Moeda.
- MARTINS, A. M. (2001b): “Emergência e generalização do português escrito. De D. Afonso Henriques a D. Dinis”, in M. H. Mira Mateus (coord.): *Caminhos do Português. Exposição do Ano Europeu das Línguas. Catálogo*. Lisboa: Biblioteca Nacional, 23-61.
- MARTINS, A. M. (2004): “A emergência do português escrito na segunda metade do século XII”. En R. Álvarez & A. Santamarina (eds.): *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”, 491-526.
- MARTINS, A. M. (2007): “O primeiro século do português escrito”. En A. I. Boullón Agrelo (ed.): *Na nosa lingoage galega: A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 161-84.
- MONTEAGUDO, H. (2007): “A emerxencia do galego-portugués na escrita instrumental. Unha panorámica histórica”, in Boullón Agrelo, A. I. (ed.): *Na nosa lingoage galega: A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 275-312.
- MONTEAGUDO, H. (2009): *Primeiras letras. O foral do Burgo de Caldelas, os primordios da lírica galego-portuguesa e a emerxencia do galego escrito*. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”.
- PEDRO, S. TAVARES (2004): “Tipología diplomática de documentos privados não-dispositivos: notícia e inventário”. En T. Freitas & A. Mendes (eds.): *Actas do XIX Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística*. Lisboa: Associação Portuguesa de Linguística (APL), 71-8.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, F. (2004): *O mosteiro dos Santos Xusto e Pastor de Toxosoutos na idade media, séculos XII-XIII*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- PICHEL GOTÉRREZ, R. = GUTIÉRREZ PICHEL, R. (2007): “A documentación latino-romance ‘non dispositiva’ na emerxencia do galego escrito”. *Cadernos de Lingua* 29, 45-108.
- PICHEL GOTÉRREZ, R. = GUTIÉRREZ PICHEL, R. (2008): “A documentación non-dispositiva na emerxencia do galego instrumental: a *pesquisa* e o *relato procesual*”. *Verba* 35, 73-120.
- PICHEL GOTÉRREZ, R. (2009): *Fundación e primeiros séculos do mosteiro bieito de Santo Estevo de Chouzán (sécs. IX-XIII)*. Noia, A Coruña: Toxosoutos (col. Trivium, nº 36).
- PICHEL GOTÉRREZ, R. (próx.): “Habilitación y disposición de la scripta vernácula en la documentación probatoria latino-romance”. En M. T. Encinas Manterola *et al.* (comps.): *Ars longa. Diez años de AJHLE*. Buenos Aires: Librería Voces del Sur, 2010, 81-100.
- PICHEL GOTÉRREZ R. & P. MARTÍNEZ LEMA (2009): “Documentación posterior á confección do Tombo de Toxos Outos. Edición e estudo toponímico” (no prelo).
- SALVADO MARTÍNEZ, V. (1991): “Tumbo de Toxosoutos: siglos XII y XIII”. *Compostellanum* XXXVI/1-2, 165-227.
- SOUTO CABO, J. A. (2002): “Usos romances na documentación galego-portuguesa do s. XIII”. En B. Head, J. Teixeira, A. S. Lemos, A. Barros & A. Pereira (orgs.): *História da Língua e História da Gramática. Actas do Encontro*. Braga: Centro de Estudos Humanísticos. Universidade do Minho, 435-48.

- SOUTO CABO, J. A. (2003a): “Dinámicas da escrita romance na primeira metade do s. XIII”. En A. Mendes & T. Freitas (orgs.): *Actas do XVIII Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Lingüística (Porto, 2-4 de Outubro de 2002)*. Lisboa: Associação Portuguesa de Lingüística, 795-91.
- SOUTO CABO, J. A. (2003b): “Nas orixens da expresión escrita galego-portuguesa. Documentos do s. XII”. *Diacrítica. Ciências da Linguagem* 17, 329-285.
- SOUTO CABO, J. A. (2004): “Novas perspectivas sobre a génese da *scripta* romance na área galego-portuguesa. Textos e contextos”. *Aemilianense* I, 569-99.
- SOUTO CABO, J. A. (2008a): *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII. Revista Galega de Filoloxía*. Monográfico nº 5. A Coruña: Universidade da Coruña.
- SOUTO CABO, J. A. (2008b): “Do latín ao galego(-portugués): tempos, modos e espazos para unha mudanza escritural na documentazón notarial galega do s. XIII”. En J. Elvira, I. Fernández-Ordóñez *et alii* (eds.): *Lenguas, Reinos y Dialectos en la Edad Media Ibérica. La construcción de la identidad. Homenaje a Juan Ramón Lodares*. Madrid / Frankfurt: Iberoamericana / Vervuert, 167-90.
- SOUTO CABO, J. A. (2009): “*Testes ad probandum* contra Velasco Pedriz”. En M. Brea (ed.): *Pola melhor dona de quantas fez nostro Senhor. Homenaxe a Giulia Lanciani*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 405-19.
- TMILG = VARELA BARREIRO, X. (dir.): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, <<http://ilg.usc.es/tmilg>> [consulta: 3-3-2009].
- VASCONCELLOS, J. LEITE DE (1928): *Antroponímia Portuguesa*. Lisboa: Imprensa Nacional.